



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

### ASUNTO: INFORME ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2017

Dacordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, por o que se aproba o Regulamento de Desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, emítese o seguinte

#### INFORME DE INTERVENCIÓN

##### **PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

1. Os artigos 3, 11, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
2. O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
3. O Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

##### **SEGUNDO.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

A execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 16 apartado 1 e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emítese con carácter independente e incorporarase ao previsto no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referido á aprobación da liquidación.

No caso de que o resultado da avaliación sexa de incumprimento do principio de estabilidade, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

O cálculo da variable capacidade ou necesidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

## **TERCEIRO.- ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.**

- a) Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira:

Concello de Chantada.

- b) Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 da LOEPSF, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Non existen.

## **CUARTO.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

Podemos sinalar que a estabilidade orzamentaria de equilibrio ou superávit (capacidade de financiamento) ponse de manifesto cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos.

Doutro xeito, tamén existe equilibrio ou superávit cando o saldo neto de Activos e Pasivos financeiros (capítulos 8 e 9 do Estado de Ingresos menos os Capítulos 8 e 9 do Estado de Gastos), insignia que a entidade non necesita financiamento alleo en termos netos, ou ben, de chegar a necesitalo, a cantidade deste é igual ou inferior ao superávit ou saldo neto das operacións non financeiras (capacidade de financiamento).

A estabilidade orzamentaria debe darse non só no momento de aprobación do orzamento, senón tamén durante a execución deste e así mesmo no momento da liquidación. Sinala o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, que a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos co contido e alcance previstos no artigo.

Polo tanto, na práctica, a estabilidade orzamentaria calcúlase pola diferenza de ingresos e gastos non financeiros, consistindo estes en dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas contidas nos capítulos I a VII do orzamento. Se a diferenza é positiva existe capacidade de financiamento, e se é negativa, necesidade de financiamento.

Da liquidación do Orzamento do exercicio 2017, despréndese por capítulos os seguintes gastos e ingresos por operacións non financeiras:

|                              |                    |
|------------------------------|--------------------|
| <b>ORZAMENTO DE INGRESOS</b> | <b>CONSOLIDADO</b> |
|------------------------------|--------------------|



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

|   |                     |
|---|---------------------|
| Capítulo 1: Impostos Directos   | 2.428.345,32        |
| Capítulo 2: Impuestos Indirectos  | 116.284,76          |
| Capítulo 3: Taxas e outros ingresos   | 647.167,07          |
| Capítulo 4: Transferencias correntes  | 2.773.878,46        |
| Capítulo 5: Ingresos patrimoniais   | 5.408,06            |
| Capítulo 6: Enaxenación de inversiones  | 0,00                |
| Capítulo 7: Transferencias de capital   | 474.198,60          |
| <b>A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)</b>  | <b>6.445.282,27</b> |
| <b>ORZAMENTO DE GASTOS</b>  | <b>CONSOLIDADO</b>  |
| Capítulo 1: Gastos de persoal   | 2.429.978,50        |
| Capítulo 2: Compra de bens e servizos   | 1.966.820,64        |
| Capítulo 3: Gastos financeiros  | 44.030,94           |
| Capítulo 4: Transferencias correntes  | 237.646,00          |
| Capítulo 5: Fondo de Continxencia   | 0,00                |
| Capítulo 6: Inversions reais  | 477.896,73          |
| Capítulo 7: Transferencias de capital   | 0,00                |
| <b>B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)</b>  | <b>5.156.372,81</b> |
| <b>A - B = C) ESTABILIDADE/<br/>NON ESTABILIDAD ORZAMENTARIA</b>  | <b>1.288.909,46</b> |
| <b>D) AJUSTES SEC-10</b>  | <b>- 85.204,50</b>  |
| <b>C+D= F) ESTABILIDADE/ NON ESTABILIDAD<br/>ORZAMENTARIA<br/>CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN</b> | <b>1.203.704,96</b> |

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

## AXUSTES DE INGRESOS

### 1 Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

| Dereitos<br>Recoñecidos | Recadación 2017 | AXUSTES |
|-------------------------|-----------------|---------|
|-------------------------|-----------------|---------|



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

|   | Netos 2017          | Corrente            | Pechado           | Total               | Negativo    | Positivo    | TOTAL           |
|---|---------------------|---------------------|-------------------|---------------------|-------------|-------------|-----------------|
| Impostos Directos   | 2.428.345,32        | 1.983.485,17        | 442.611,61        | 2.426.096,78        | 2248,54     | 0,00        | -2.248,54       |
| Impostos Indirectos   | 116.284,76          | 116.284,76          | 0,00              | 116.284,76          | 0,00        | 0,00        | 0,00            |
| Taxas   | 647.167,07          | 635.118,76          | 16.099,12         | 651.217,88          | 0,00        | 4.050,81    | 4.050,81        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>3.191.797,15</b> | <b>2.734.888,69</b> | <b>458.710,73</b> | <b>3.193.599,42</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>1.802,27</b> |
| <b>IMPORTE DO AXUSTE 1. IMPOSTOS, TAXAS E OUTROS INGRESOS</b> |                     |                     |                   |                     |             |             | <b>1.802,27</b> |

## 2 Capítulo 4 do estado de ingresos

|                          |                    |
|--------------------------|--------------------|
| Axuste por liq. PTE 2008 | 15.842,40          |
| Axuste por liq. PTE 2009 | 12.104,28          |
| Axuste liq PTE 2015      | -76.523,84         |
| <b>AXUSTE NEGATIVO</b>   | <b>- 48.577,16</b> |

### AXUSTES DE GASTOS.

#### 1. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación.

A conta 4130 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao presuposto", recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se realizou a súa aplicación ao orzamento sendo procedente esta. Tamén deberase considerarse o saldo da conta 5550 "Pagamentos pendentes de aplicación", como maior gasto do exercicio e as devolucións de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento, conta 408.

|                        |                    |
|------------------------|--------------------|
| Saldo da conta 4130    | 8.967,14           |
| Saldo da conta 5550    | 29.462,47          |
| <b>AXUSTE NEGATIVO</b> | <b>- 38.429,61</b> |

#### TOTAL AXUSTES

|                                 |            |
|---------------------------------|------------|
| Axuste ingresos capítulos 1,2,3 | 1.802,27   |
| Axuste ingresos capítulo 4      | -48.577,16 |
| Axuste gastos (4130,5550)       | -38.429,61 |



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

|                        |                 |
|------------------------|-----------------|
| <b>AXUSTE NEGATIVO</b> | - 85.204,5<br>0 |
|------------------------|-----------------|

### **QUINTO.- CUMPRIMENTO DA REGLA DE GASTO.**

A LOEPSF estableceu tamén o obxectivo da Regra de Gasto, pola que o gasto das Administracións Públicas non poderá aumentar por enriba da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), como estableceu o artigo 12 da LOEPSF, o que constitúe un control ao incremento dos orzamentos locais por parte do Estado.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a TRCPIB de medio prazo da economía española, modificado, se é o caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos no SEC (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), exclusión feita dos intereses da débeda.

Deste gasto exclúese tamén a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Unha vez determinados os empregos non financeiros descontaranse aqueles gastos considerados transferencias segundo o SEC, cuxo destinatario sexa algunha das unidades que integran a Corporación Local, das clasificadas como Administración, por considerarse transferencias internas, tamén se descontará a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Sobre a magnitude así calculada, aplícase a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Os cambios normativos (modificación de ordenanzas fiscais, cambios legais...) para incrementar de forma permanente a recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público, poderán incrementar o gasto por enriba da regra de gasto no incremento da recadación que se prevexa obter.

Polo contario, se a entidade local adopta cambios normativos que vaian dar lugar a unha redución da recadación, o incremento posible do gasto para o exercicio seguinte reducirase pola redución da recadación que se prevexa que se vai producir.

O obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2017, estableceuse no 2,10 %.

| <b>GASTO FINANCIADO CON FONDOS FINALISTAS NO 2017</b> |                   |
|---|-------------------|
| <b>Da Unión Europea</b>                               | 0,00              |
| <b>Do Estado</b>                                      | 138,59            |
| <b>Da Comunidad Autónoma</b>                          | 888.562,58        |
| <b>Da Diputación</b>                                  | 153.389,80        |
| <b>Outras Administracions</b>                         | 0,00              |
| <b>TOTAL gasto financiado</b>                         | <b>1.042.090,</b> |



# CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

|  |    |
|--|----|
|  | 97 |
|--|----|

|                             |             |
|-----------------------------|-------------|
| Saldo inicial da conta 4130 | 258.319,38  |
| Saldo final da conta 4130   | 8.967,14    |
| AXUSTE NEGATIVO             | -249.352,24 |
| PAGOS PTES DE APLICACIÓN    |             |
| Saldo inicial da conta 5550 | 58.305,54   |
| Saldo final da conta 5550   | 29.462,47   |
| (Axuste negativo)           | -28.843,07  |
| Total axustes               | -278.195,31 |

| CÁLCULO DA REGRA DE GASTO (art. 12 Lei Orgánica 2/2012) |  | LIQUIDACIÓN 2016 | LIQUIDACIÓN 2017 |
|---|--|------------------|------------------|
| =   | <b>B) EMPREGOS NON FINANCEIROS (excepto intereses da debeda)</b> | 4.802.619,60     | 5.112.341,87     |
| (+/-)   | Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó orzamento  | -431.446,84      | -278.195,31      |
| (-)   | Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP               | -656.076,02      | -1.042.090,97    |
| =   | <b>D) GASTO COMPUTABLE</b>                                       | 3.715.096,74     | 3.792.055,59     |
|   | Taxa de referencia crecimiento PIB m/p                           | 2,10%            | 3.793.113,77     |
| <b>CUMPRE A REGRA DE GASTO</b>                          |  |                  |                  |

## SEXTO.- CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA.

O nivel de endebedamento do Concello é o seguinte:

| CONCEPTO   | IMPORTE      |
|--|--------------|
| Importe do capital vivo das operacións de débeda | 1.961.728,78 |
| Ingresos correntes ordinarios                    | 5.971.083,67 |
| NIVEL DE ENDEBEDAMENTO                           | 33 %         |

## SÉPTIMO.- CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA.

A liquidación da entidade local do exercicio 2017:

1. Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento ao peche do exercicio **1.203.704,96 euros**.
2. Cumpre co obxectivo da regra de gasto.
3. Cumpre co límite da débeda.



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPDTE 59/2018

---

O presente informe emítase no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

Chantada, na data da sinatura electrónica.

A Interventora accidental

Asdo.: Susana Martínez Rodríguez.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**